



A patronal urxe o proceso de implantación

O sector pesqueiro alega contra a poxa da eólica mariña

Redacción | Nós Diario

A Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños presentou as súas alegacións á consulta pública do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Miteco) sobre o primeiro procedemento de concorrencia competitiva para a eólica mariña. "A posición do sector pesqueiro é rotunda: non debe seleccionarse ningunha das Zonas de Alto Potencial (Zaper) e a potencia para poxar debe ser de cero megavatios", destacaron desde a plataforma. Os argumentos das alegacións son a denuncia da existencia dunha "cartografía defectuosa", xa que "os POEM aprobáronse sen datos da frota artesanal e de baixura" e a advertencia de que hai "zonas de desova afectadas", posto que o estudo do IEO-CSIC demostra que as Zaper na Galiza coinciden coas principais zonas de desova de pescada."Non nos

opoñemos á descarbonización, mais a enerxía renovábel debe ser limpa tamén socialmente e non destruír emprego sostíbel nin a soberanía alimentaria", destacou a plataforma. Tamén o BNG pediu onte nas Cortes do Estado español frear o despregamento da eólica mariña na costa galega e paralizar o inicio das poxas mentres "non existan informes científicos e socioeconómicos completos que avalen a súa viabilidade e ausencia de impacto". Pola súa parte, o secretario xeral do Galician Offshore Energy Group, Enrique Mallón, instou onte o Goberno estatal a imprimir un "ritmo maior" ao desenvolvemento da eólica mariña. Mallón defendeu que Galiza ten que ser prioritaria para a implantación destes parques debido ás súas condicións privilexiadas. "Galiza é unha garantía", afirmou, lembrando que é "líder mundial" na fabricación de compoñentes.